



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Dende a Axencia Galega de Innovación (GAIN) queremos informarte de varias convocatorias do programa **Horizon 2020**, o programa da Unión Europea de I+D+i para o periodo 2014-2020, que están actualmente abertas e que pecharán nos vindeiros meses o prazo de solicitude.

En concreto, gustaríanos destacar tres polo seu interese para as PEMES e o tecido empresarial galego. A primeira delas é **Instrumento PEME**, unha liña de financiamento que persegue axudar á PEME innovadora a chegar ó mercado. O proxecto debe responder a unha oportunidade de negocio para o crecemento da empresa no medio prazo a través dun proxecto de innovación de dimensión europea, non sendo necesario ir en consorcio. Tanto a **convocatoria que financia a fase 1 dos proxectos**, isto é, a análise de viabilidade, como a **convocatoria de axudas para a fase 2**, a do proxecto de innovación, pechan o primeiro prazo de solicitude o vindeiro 18 de marzo. GAIN dispón dun **servizo de apoio personalizado** a aquelas PEMEs interesadas en participar, crecer, desenvolverse e internacionalizarse a través dun proxecto de innovación de dimensión Europea. Máis información dispoñible **nesta ligazón**.

A segunda delas é **TIC 2015**, cuxo prazo de presentación pecha o vindeiro 14 de abril, e que inclúe varias liñas: robótica, investigación en *Big Data*, tecnoloxías facilitadoras (KET), entre outras. Podes acceder a todos os detalles da convocatoria **nesta ligazón**. As empresas e emprendedores TIC tamén teñen unha boa oportunidade co programa europeo de I+D+i Future Internet Public Private Partnership (FI-PPP), que pon a disposición 80 millóns de euros para o desenvolvemento de produtos e servizos

innovadores a través de Internet en sectores como o transporte, a saúde ou a enerxía entre outros, aproveitando as tecnoloxías FI-PPP. Cómpre destacar que a Axencia está a ofrecer un servizo de asesoramento específico para participar na FI-PPP (Future Internet Public-Private Partnership) e que está dispoñible [nesta ligazón](#).

Por último, gustaríanos destacar a convocatoria **Fábricas do futuro**, polo seu gran potencial transformador na nosa competitividade e o seu papel central no reto 2 da nosa **Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3-Galicia)**. Céntrase [nas tecnoloxías para as fábricas do futuro, abordando o desenvolvemento e a integración de sistemas de produción capaces de conseguir procesos de fabricación avanzados e sostibles](#). Pecha o seu prazo de presentación o vindeiro 4 de febreiro e as temáticas subvencionables son:

- FoF 8 – 2015: **Tecnoloxías de modelado, simulación, análise e previsión potenciadas polas TIC**
- FoF 9 – 2015: **Innovación TIC para as pemes manufactureiras**
- FoF 10 – 2015: **Fabricación de compoñentes adaptados para produtos personalizados**
- FoF 11 – 2015: **Sistemas de produción flexibles baseados en ferramentas integradas para a reconfiguración rápida de maquinaria e robots**
- FoF 12 – 2015: **Tecnoloxías industriais para procesos avanzados de unión e ensamblaxe de multimateriais**
- FoF 13 – 2015: **Tecnoloxías e equipamentos de reutilización e refabricación para a xestión sostible do ciclo de vida do produto**
- FoF 14 – 2015: **Deseño integrado e xestión da maquinaria e procesos de produción**

Podes consultar os detalles da convocatoria [nesta ligazón](#).

Finalmente, soamente queremos lembrarche que GAIN conta cunha serie de servizos de apoio á presentación de proxectos a estas convocatorias, enmarcados no **plan de dinamización da participación galega no programa Horizon 2020** e que inclúe accións como asesoramento, formación, apoio á preparación de propostas, busca de financiamento complementario, etc. Podes

contactar no seguinte enderezo de correo electrónico:
opidi.gain@xunta.es

Agardamos que esta información sexa do teu interese,
despedímonos ata o vindeiro xoves.

Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.